



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo **sostible**



**Recuperación
e posta en valor
dun bosque
de ribeira**





LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo **sostible**

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multiecolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Ademais, crearanse espazos divulgativos para a comunidade científica e a sociedade en xeral con plantacións de especies arbóreas e arbustos autóctonos que sexan demostrativos do seu potencial para o desenvolvemento do urbanismo sostible.



O **bosque de ribeira** é un bosque caducifolio que medra a ambos lados dun río, regato ou humidal, sobre solos que adoitan estar temporal ou permanentemente asolagados de auga.

No polígono industrial das Gándaras (Lugo), atópase un bosque autóctono de ribeira situado na cabeceira do río Fervedoira/Rato.

Os bosques de ribeira teñen unha **grande importancia ecolóxica**: regulan a temperatura das augas, suxeitan o terreo, achegan refuxio e alimento a animais acuáticos, anfibios e terrestres, actúan como filtros verdes...





Situado a **458m sobre o nivel do mar** na zona de transición pertencente á **Reserva da Biosfera Terras do Miño**, presenta unha superficie aproximada de **5 ha** e localízase na cabeceira do río Rato, afluente do principal río de Galicia, o Miño, que bordea a cidade de Lugo, ao cal chega auga durante todo o ano. O nacemento do río Rato permite que unha gran parte da superficie da zona se atope permanentemente asolagada, alcanzando o nivel da auga unha maior ou menor altura segundo a estación do ano, pero sen chegar a secarse en ningún momento. Esta presenza constante de auga crea as condicións ambientais necesarias para que se desenvolva na zona un ecosistema mixto acuático-terrestre, o que o Convenio RAMSAR define como un Humidal Higrófilo.



Os valores naturais presentes na zona son merecedores da súa protección baixo a figura de Espazo Natural de Interese Local (**ENIL**) recollida lei galega de conservación da natureza, entre estes valores destacan os seus **hábitats naturais e seminaturais**, que, polo seu grao de ameaza atópanse protexidos a nivel europeo.



Trátase dos denominados **hábitats de interese comunitario**, recollidos no Anexo I da **Directiva europea relativa á conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres**, coñecida como a Directiva Hábitats.

Este humidal conta en total con **3 hábitats** considerados de interese comunitario:



1. O Bosque de ribeira e a área asolagada


Éste hábitat denominado na Directiva Hábitats como Bosques aluviais de *Alnus lusitanica* e *Fraxinus excelsior* [91E0*], está considerado como prioritario, é dicir, conta cunha atención especial dentro dos hábitats de interese comunitario, polo seu grao de ameaza para a súa conservación.

Nas Gándaras atopamos un bosque dominado polo ameneiro (*Alnus lusitanica*) salpicado de exemplares de freixo (*Fraxinus excelsior*), abelairas, salgueiros, bidueiros, sabugueiros e diferentes plantas herbáceas. A presenza de augas estancadas durante o verán permite a aparición no sotobosque da amenta e o carrizo, entre outras.



2. Carballeira

Este tipo de hábitat boscoso típicamente galego é tamén un hábitat protexido na Unión Europea, denominándose Carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* [9230]. Definidos como bosques dominados polas especies arbóreas dominantes, o carballo (*Quercus robur*) e o cerqueiro (*Quercus pyrenaica*).



Nas Gándaras podemos ver vestixios dunha carballeira galaico-portuguesa que presenta unha cobertura densa na que coexisten o carballo e o cerqueiro con especies como o sanguíño e as uces nun nivel inferior, e diversas especies de bosques relativamente tolerantes á luz como a estrelada ou a madreSelva dos bosques, entre outras.

A flora do bosque Zonificación:

- ① Zona permanentemente asolagada con dominio de ameneiros e salgueiros.
- ② Bosque de ribeira con ameneiros, salgueiros e outras árbores.
- ③ Prados.
- ④ Lagoa artificial, con abundancia de platanaria (*Sparganium erectum*).
- ⑤ Matogueira.



3. Prados de sega de Baixa altitude

Estes tipos de prados son tamén hábitats de interese comunitario [6510]. Son un tipo de hábitat seminatural, xa que a actividade humana forma parte inherente do mesmo e é necesaria para súa conservación. Defínense como prados extensivos que adoitan cortarse unha ou dúas veces ao ano, unha vez florecidas as gramíneas, coa finalidade de producir feo ou forrage verde, destinados fundamentalmente para a alimentación do gando vacún.



Outros habitantes do bosque

Os bosques de ribeira, polas súas características de humidade e sombra fan de refuxio e proporcionan alimento a moitas especies de mamíferos coma o raposo (*Vulpes vulpes*), morcegos (morcego rabudo-*Tadarida teniotis*), réptiles coma a cobra lagarteira (*Coronella austriaca*), o esgonzo común (*Chalcides striatus*) e aves coma o peto real (*Dendrocopos major*), a azulenta común (*Prunella modularis*), o chasco común (*Saxicola rubicola*), o xirín (*Serinus serinus*), o merlo común (*Turdus merula*), o estorniño negro (*Sturnus unicolor*), a papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*), etc.





Programa de accións



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible



ACCIÓNES DE PLANIFICACIÓN URBANA

-  **C1** Catálogo de solucións de deseño urbano
-  **C2** Plan estratéxico de infraestruturas ecolóxicas: Plan Especial Biodinámico
-  **C3** Planificación detallada de zonas de confort climático residencial (ZCCR)

ACCIÓNES DEMOSTRATIVAS

-  **C4** Frondosas
-  **C5** Cultivos enerxéticos
-  **C6** Souto de variedades tradicionais
-  **C7** Restauración de humidal - ENIL (Espazo Natural de Interese Local)
-  **C8** Arboretum
-  **C9** Agricultura urbana
-  **C11** Edificio Impulso Verde

Impulsado por:



Concello de Lugo

Financiado por:



Concello de Lugo



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Socios:



POLITÉCNICA



lugobiodinamico.eu